

PLAN ANUAL DE LECTURA
CURSO 2023/2024
BIBLIOTECA IES A CAÑIZA

No Plan Anual de Lectura tentaremos recoller as accións que levará a cabo a biblioteca do IES A Cañiza, durante o curso 2023/2024, para fomentar a lectura, a escritura e a competencia en comunicación lingüística do noso alumnado e doutros membros da comunidade educativa.

OBXECTIVOS

- Estimular os hábitos de lectura de todos os membros da comunidade educativa para cubrir os seus intereses e necesidades.
- Potenciar a comprensión lectora e mellorar a expresión escrita do noso alumnado.
- Formar lectorado competente que desenvolva habilidades no proceso de busca e tratamento da información, facendo un uso crítico da mesma.
- Fomentar o uso da biblioteca como recurso didáctico nas diferentes materias e centro de recursos para mellorar as aprendizaxes.

ACTUACIÓNS DA BIBLIOTECA

- Tentaremos implicar ao profesorado dos distintos departamentos das materias que se imparten no centro a través de iniciativas como os itinerarios lectores ou actividades puntuais realizadas ao longo do curso.
- Recomendaremos lecturas durante todo o curso a través de guías, boletíns, selección e exposición de títulos, difusión de novidades, etc...
- Melloraremos a formación dos usuarios, aumentando a súa competencia informacional. Realizaremos visitas guiadas á biblioteca do alumnado novo do centro para explicarlles o seu funcionamento.

Elaboraremos un texto informativo para repartir a comezos de curso que servirá como manual de uso da biblioteca, con instrucións para o servizo de préstamo.

- Colaboraremos cos proxectos e programas que se leven a cabo no centro, coordinados co EDL, o profesorado de TIC, o Departamento de Orientación, o Equipo de actividades extraescolares e cos distintos departamentos .
- Realizaremos actividades para celebrar as principais efemérides do ano: Día do libro, o Día das Letras galegas, o Día das bibliotecas, o Día da lingua materna ou o Día de Rosalía.
- Ademais, desde a biblioteca trataremos de traballar temáticas vinculadas aos Obxectivos para o Desenvolvemento sustentable da Axenda 2030 da ONU.
- En canto á propia xestión da biblioteca, levaremos a cabo a recatalogación dos fondos bibliográficos do centro.
- Manteremos reunións frecuentes cos membros do equipo para revisar todo o relacionado co bo funcionamento da biblioteca.

RECURSOS HUMANOS

O equipo de biblioteca durante o curso 23/24 estará constituído por:

M^a del Rosario Freijido Davila, coordinadora de biblioteca

Ana Belén Blanco Rodríguez, Cristina Jorge Rodríguez, José Luis González Rodríguez, Fina Cid Cabido e Marta Fernández Alberte, como membros do equipo.

Horario de gardas da Biblioteca durante o recreo:

- Luns: Ana Belén Blanco Rodríguez
- Martes: Cristina Jorge Rodríguez
- Mércores: M^a del Rosario Freijido Davila
- Xoves: José Luis González Rodríguez

- Venres: Fina Cid Cabido

Ademais:

- Martes, 12:40 a 13:30 e Venres, 10:30 a 11:20 horas: M^a del Rosario Freijido Davila, coordinadora
- Luns, 9:40 a 10:30 horas: Fina Cid Cabido
- Mércores, 9:40 a 10:30 horas: Marte Fernández Alberte

Entre as funcións do equipo destacamos facer cumprir as normas aos/ás usuarios/as, xestionar os préstamos e devolucións e orientar a calquera membro da comunidade educativa sobre a localización de fondos nas diferentes seccións ou andeis.

Aos membros do equipo de biblioteca únese habitualmente o profesorado de diferentes departamentos interesados en colaborar en calquera actividade de fomento da lectura.

ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA

Nos primeiros días de curso levaremos acabo actividades de formación de usuarios/as, enfocadas especialmente ao alumnado de nova incorporación.

Repasaremos co profesorado encargado das gardas a normas de funcionamento da biblioteca, do servizo de préstamos, do programa Meiga.

Entregaremos a todo o alumnado, a través do profesorado titor, un texto explicativo do funcionamento da biblioteca, coas normas básicas para o seu uso.

Ao longo dos tres trimestres realizaremos campañas de lectura ligadas a diferentes temáticas, tentando implicar ao profesorado desde as súas materias.

Organizaremos charlas-coloquios con autores/as, personalidades relacionadas co mundo editorial ou que traballen activamente no fomento da lectura e cultura galega.

Organización de actividades vinculadas aos Obxectivos para o Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030 da ONU, ou outras con gran potencial educativo (lectura, xéneros literarios minoritarios, cultura tradicional, dereitos humanos, cuestións do ámbito das ciencias sociais ou naturais etc.)

Continuaremos coas recomendacións de libros de interese, guías de lectura, boletíns, seleccións e exposición de novidades.

Ademais tamén se organizarán concursos literarios en colaboración cos departamentos das diferentes materias e co EDL.

Na memoria final de curso recolleremos con máis detalle as actividades organizadas pola biblioteca así como aquelas nas que se participe como colaboradores.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Coa finalidade de coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos e liñas de actuación deseñadas, levaremos a cabo un seguimento e unha valoracións das diferentes actuacións promovidas desde a biblioteca.

Cando remate o curso, realizaremos unha memoria anual que recolla a avaliación dos servizos prestados pola biblioteca e as actividades realizadas.

Instrumentos avaliación:

- Enquisas entre o profesorado e alumnado sobre hábitos de lectura.
- Seguimento dos índices de lectura a través de estatísticas e control de préstamos
- Valoración das actividades realizadas durante o curso.

- Participación da comunidade escolar nas actividades organizadas pola biblioteca.

M^a del Rosario Freijido Davila
Coordinadora de Biblioteca do IES da Cañiza
A Cañiza, 9 outubro 2023